



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

CONVENIO DE COLABORACION E COOPERACION ENTRE O CONCELLO DE TUI E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE PAZOS DE REIS

En Tui,

— Dunha parte D.Enrique Cabaleiro González, en representación do Concello de Tui, con CIF nº P-3605500-B, con domicilio en Tui, Praza do Concello, n.º 1, C.P. 36700.

— Doutra parte D. Enrique Pérez Martínez con DNI número 35542516H en representación da Entidade Local Menor, con CIF nº P-3600006-E , con domicilio aos efectos de notificación electrónica en pazosdereis@pazosdereis.org

Ambas partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este asinar este acto, e libremente:

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Entidade local Menor de Pazos de Reis ten entre outras competencias a vixilancia, mantemento e limpeza dos camiños rurais, montes, fontes e lavadoiros, e en xeral a execución de obras e prestación de servizos do seu interese.

Segundo.- Que para a acometida de tales gastos conta cun número reducido de recursos, principalmente os ingresos percibidos pola venda de madeira, e puntual e residualmente subvencións da Xunta de Galicia afectas a gastos de inversión. Deste xeito, neste contexto de insuficiencia económica, é necesaria a colaboración da Corporación Municipal, circunstancia que por outra banda está prevista na Lei 5/97, de Administración Local de Galicia, onde establece que os Concellos poderán prestar a asistencia técnica, xurídica e económica precisa para que as Entidades Locais de ámbito territorial inferior ao municipal poidan facer efectivas as súas competencias coa maior economía e evitando a duplicidade de servizos.



Terceiro.- Que na exposición de motivos da citada Lei 5/1997 determínase como obxectivo a conseguir a desexable descentralización funcional con achegamento da administración aos cidadáns, e a conveniencia da participación destes nas decisións que directamente lles afectan. É vontade do Concello avanzar neste proceso de descentralización, a través de convenios de colaboración institucional, de tal sorte que se propicie a consecución dos fins encomendados á Entidade Local Menor.

Cuarto.- Que por ambas partes é coñecido o contido do artigo 164 da Lei de Administración Local de Galicia, o cal establece como recursos constitutivos da Facenda das Entidades Locais Menores, no seu apartado f), a participación nos impostos do Concello na contía que se estableza no Decreto de Creación, que non será inferior ao 25 % dos que se devenguen no ámbito territorial da Entidade, para seguidamente establecer, no apartado 2 do mesmo precepto que, á súa vez, as EE.LL.MM. deberán contribuír ao pago das cargas xerais do Concello na proporción que se estableza no Decreto de Creación.

Tendo en conta que non existe pronunciamento ao respecto no acto constitutivo da Entidade Local Menor, e que a proporción coa que Pazos de Reis debería participar nesas cargas xerais ou gastos xerais do concello pode estar referida a distintos parámetros obxectivos, e entre eles o da poboación existente (6,75 % do PMH) ou o da superficie do ámbito (9% do TM), non cabe dúbida de que os parámetros mencionados darían lugar a un saldo negativo, e polo tanto á inviabilidade económica da propia Entidade Local Menor, ou que en última instancia suporía a extinción deste ente. Entendendo que a disolución non é un asunto a considerar, procede que pola vía convencional acórdese un marco de financiamento para o actual exercicio, que recoñeza unha achega que lle facilite o exercicio das súas competencias en aras á súa efectividade.

Por todo o anterior, recoñecendo os comparecentes capacidade suficiente para asistir, na representación que ostentan, o presente convenio de colaboración e cooperación, lévano a efecto con suxeición ás seguintes:

CLAUSULAS

Primeira.- O Concello de Tui, en aplicación do previsto nos preceptos 164.1.f) e 164.2 da Lei de Administración Local de Galicia, e tendo en conta o punto cuarto da anterior exposición, incluíu nos Orzamentos Municipais para 2019 a contía de 10.000 € na partida 2019/1/942/46801/01.





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

Segunda.- A Entidade Local Menor de Pazos de Reis comprométese a destinar a devandita achega aos gastos correntes que sexan necesarios para o bo funcionamento da mesma.

Terceira.- O presente Convenio recoñece a compatibilidade da presente achega con calquera outra que a Entidade Local menor poda recibir, procedan ou non doutra Administración Pública.

Cuarta.- Contémplase a posibilidade de realizar o pagamento anticipado do 50% da subvención, a conta da posterior xustificación final, a instancia da Entidade Local Menor..

Quinta.- O prazo de xustificación iníciase o día seguinte á data de notificación da resolución da subvención. A duración do mesmo será de dez días hábiles, mediante a achega de facturas ou outros documentos válidos no tráfico mercantil, tendo a obriga de presentación dos rexistros contables se así o requirise o Concello.

Sexta.- Sen prexuízo das previsións establecidas na cláusula primeira, o presente convenio poderá ser obxecto de revisión nos seguintes supostos:

- a) - En calquera momento do seu prazo de vixencia sempre que, tras o acordo das partes, considérese necesario a ampliación da cantidade comprometida polo Concello en concepto de transferencia corrente, aos efectos do alcanzar un nivel adecuado das obrigacións asumidas pola Entidade Local Menor.
- b) - Como marco compensatorio entre as partes intervenientes, co fin de garantir a materialización do pago das cantidades que resulten a favor da Entidade Local Menor, en cumprimento das resolucións ditadas polos Tribunais de Xustiza.

Sétima.- A validez e eficacia do presente convenio supedítase á súa aprobación por Resolución administrativa do Alcalde de Tui, sen prexuízo de que da mesma se de conta ao Pleno da Corporación, e polo órgano competente da Entidade Local Menor de Pazos de Reis.



De acordo coas bases expostas, asinan o presente convenio, no lugar e data citados.

Polo concello,


O Alcalde,



Documento asinado electronicamente á data que se indica na sinatura.

Pola entidade

ENRIQUE PÉREZ MARTÍNEZ

Documento asinado electronicamente á data que se indica na sinatura.


ENRIQUE PEREZ (R:
P3600006E)

Firmado digitalmente por  ENRIQUE PEREZ (R:
P3600006E)
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Ref:AEAT/
AEAT0388/PUESTO 1/19501/13082019103636,
serialNumber=IDCES-35542516H, givenName=ENRIQUE,
sn=PEREZ MARTINEZ, cr  ENRIQUE PEREZ (R:
P3600006E), 2.5.4.97=VATES-P3600006E, o=ENTIDAD
LOCAL MENOR DE PAZOS DE REYES, c=ES
Fecha: 2019.10.07 21:37:59 +02'00'

